



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CARBALLO

Anuncio de convocatoria de subvencións do Concello de Carballo en materia de deporte para o ano 2022

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de 9 de maio de 2022 acordou aprobar as bases de convocatoria de subvencións do Concello de Carballo en materia de deporte para entidades deportivas, cuxo contido íntegro se publica:

Bases xerais reguladoras da convocatoria de subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de proxectos de actividade deportiva durante o ano 2022 (Anexo I)

Bases específicas da Convocatoria do programa de subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de organización e participación en fases finais de ascenso a competicións nacionais e campionatos de España durante o ano 2022 (Anexo II)

Bases específicas da Convocatoria do programa de subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de organización de eventos deportivos e actividades deportivas de carácter extraordinario durante o ano 2022 (Anexo III)

Bases específicas da Convocatoria do programa de subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de proxectos de actividade xeral durante o ano 2022 (Anexo IV)

ANEXO I

BASES XERAIS REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDAS A ENTIDADES DEPORTIVAS PARA O FINANCIAMENTO DE PROXECTOS DE ACTIVIDADE DEPORTIVA DURANTE O ANO 2022

1. LIÑAS XERAIS.

O Concello de Carballo recoñece as funcións do deporte como elemento fundamental na formación integral e mellora da calidade de vida do cidadán e como favorecedor da cohesión social, e considérase de especial interese a actividade deportiva desenvolvida polo asociacionismo deportivo.

Consecuentemente é necesario destinar recursos económicos á actividade de fomento, para a concesión de axudas económicas destinadas á promoción da actividade deportiva polas entidades deportivas privadas sen ánimo de lucro, que lles faciliten a consecución dos seus obxectivos, e indirectamente os do Concello de Carballo no ámbito deportivo.

2. NORMATIVA APLICABLE.

En conformidade cas competencias atribuídas a este Concello polo artigo 25.2 apartado I) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e en aplicación do artigo 23 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e o artigo 8 da Lei 3/2012 do Deporte de Galicia, convócanse subvencións destinadas á promoción e o fomento do deporte no Concello de Carballo durante o ano 2022.

3. FINALIDADE E OBXECTO.

O obxecto desta convocatoria é establecer as normas para a solicitude, concesión, xustificación e pagamento das subvencións en réxime de concorrencia competitiva que conceda o Concello de Carballo, ao amparo do establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e no seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo (RDLXS).

Estas normas serán de aplicación ás convocatorias de subvencións referidas a actividades deportivas que se han realizar no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2022, que remitan a estas bases, e concretamente ás seguintes:

- Convocatoria do programa de subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de organización e participación en fases finais de ascenso a competicións nacionais e campionatos de España durante o ano 2022.
- Convocatoria do programa de subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de organización de eventos deportivos e actividades deportivas de carácter extraordinario durante o ano 2022.

- Convocatoria do programa de subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de proxectos de actividade xeral durante o ano 2022.

4. EXCLUSIÓNS.

Quedan excluídas da presente convocatoria as seguintes actividades e investimentos:

- 4.1. Os proxectos xa subvencionados polo Concello de Carballo a través de outras axudas ou convocatorias.
 - 4.2. As actividades xa ofertadas de xeito directo polo Concello de Carballo, que a Área de Deporte non considere complementarias.
 - 4.3. As actividades de “Deporte Escolar” ou extraescolares vinculadas a ANPAS ou centros de ensino por constituir outra das manifestacións do deporte.
 - 4.4. As actividades que non se consideren do ámbito municipal, por non cumprir cos seguintes criterios, sen perxuízo de outros que se poida interpretar se fora o caso:
 - 4.4.1. Realización da actividade deportiva xeral de adestramentos dentro do termo municipal.
 - 4.4.2. Celebración das actividades deportivas competitivas nas que participe como local dentro do termo municipal.
 - 4.4.3. Realización dos eventos organizados pola entidade dentro do termo municipal.
- Así, se unha entidade desenvolve de xeito habitual e permanente actividade deportiva fóra do ámbito xeográfico municipal, considerarase excluída da convocatoria e non se valorará esa parte da actividade, os participantes e os gastos e ingresos que implique.
- 4.5. As actividades de modalidades deportivas que se poidan considerar de pouco interese social, educativo e/ou físico deportivo.
 - 4.6. As entidades que incumpran o establecido na base 7.1.

5. GASTOS SUBVENCIONABLES.

- 5.1. Son gastos subvencionables os que de maneira indubitada respondan à natureza da actividade subvencionada, se realicen no ano 2022, e sexan efectivamente pagados con anterioridade ó remate do prazo de xustificación.
- 5.2. As axudas económicas concedidas poderán destinarse ós conceptos ou gastos correntes que se especificaron na solicitude, directamente vencellados coa realización da actividade e que poden ser, entre outros:
 - 5.2.1. Retribucións e gastos de persoal afecto à actividade.
 - 5.2.2. Equipamento e material deportivo.
 - 5.2.3. Gastos federativos: Licenzas, arbitaxes, mutualidade, canons, etc.
 - 5.2.4. Seguros de accidentes ou responsabilidade civil afectos à actividade.
 - 5.2.5. Gastos de transporte e desprazamentos ás competicións e adestramentos.
 - 5.2.6. Gastos de funcionamento, que se especifiquen motivadamente no orzamento e cun límite do 15% dos gastos directos da actividade a desenvolver.
 - 5.2.7. Os seguintes gastos, cando o Servizo de Deportes do Concello de Carballo considere que gardan vinculación directa ca actividade, e son necesarios para a realización da mesma: Gastos derivados de atencións protocolarias; gastos de transporte e de desprazamentos en vehículo propio, e os de aloxamento e manutención.
- 5.3. Poderase subcontratar ate o 50% da actividade subvencionada.
- 5.4. Só se poderá contratar con persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, cando concurren as seguintes circunstancias:
 - 5.4.1. Que a contratación se realice de acordo cas condicións normais do mercado.
 - 5.4.2. Que se obteña previa autorización do órgano concedente nos seguintes termos:
 - 5.4.3. Solicitude por parte do interesado.
 - 5.4.4. Acordo do órgano concedente estipulando o terceiro con que se contratará e os servizos que se reciben.
- 5.5. Non serán obxecto de subvención:
 - 5.5.1. Os gastos e pagos realizados fóra dos prazos de execución do proxecto e de xustificación, respectivamente.
 - 5.5.2. Os gastos de inversión (infraestrutura e bens inventariables).

5.5.3. Gastos de contratación externa de adestramentos persoais, clases reducidas e alugueres de instalacións deportivas.

6. ENTIDADES SOLICITANTES.

A presente convocatoria vai dirixida a entidades de carácter deportivo das tipoloxías recollidas no título IV, capítulo II, sección 2.ª da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, sen ánimo de lucro, que cumpran os requisitos do seguinte apartado, no momento de presentar a solicitude.

7. OBRIGAS DAS ENTIDADES.

7.1. Obrigas das entidades solicitantes:

7.1.1. Carecer de fins de lucro.

7.1.2. Ter a sede social e o domicilio fiscal no Concello de Carballo.

7.1.3. Desenvolver a súa actividade dentro do ámbito municipal.

7.1.4. Non ter pendente de xustificar ningunha subvención ou axuda económica co Concello.

7.1.5. Estar válidamente constituídas como entidades deportivas, inscritas no rexistro de entidades deportivas de Galicia dende o día 1 de xaneiro do ano 2022 ou con anterioridade e no rexistro municipal de asociacións do Concello de Carballo.

7.1.6. Estar ao corrente das súas obrigas coa facenda pública, co Concello de Carballo e coa Tesourería da Seguridade Social.

7.1.7. Non estar incursas nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para ser beneficiarias ou percibir subvencións da Administración pública previstas no art. 13 da Lei xeral de subvencións 38/2003, do 17 de novembro.

7.1.8. Dado que a tramitación será telemática:

7.1.8.1. A entidade deberá dispoñer dun único enderezo de correo electrónico durante toda a tramitación do expediente, ao que se dirixirán as comunicacións, requirimentos e notificacións a través do representante designado na solicitude. Excepcionalmente, e de xeito xustificado, poderá modificar este enderezo inicial, sempre e cando lle notifique a circunstancia pertinente ó Concello de Carballo.

7.1.8.2. Deberá dispoñer de certificado dixital ou DNle:

7.1.8.2.1. Quen ocupe a presidencia da entidade ou quen teña delegadas as súas funcións.

7.1.8.2.2. Quen ocupe a secretaría da entidade.

7.1.8.2.3. Quen represente a entidade perante o Concello de Carballo (no caso de ser distinta das dúas anteriores).

7.2. Obrigas das entidades beneficiarias.

7.2.1. Facer constar a colaboura do Concello de Carballo en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se fixera das actividades ou investimentos subvencionados, e na súa páxina web, do xeito seguinte:

7.2.1.1. No caso de medios radiofónicos, megafonía, etc publicitarse a colaboura do Concello de Carballo, e nos restantes figurarán en lugar visible e destacado os logotipos do Concello de Carballo e de Carballo Deporte.

7.2.1.2. Na vestimenta deportiva de competición figurarán en lugar visible e destacado os logotipos do Concello de Carballo e/ou de Carballo Deporte según as indicacións da área de Deporte do Concello de Carballo, que detallarán o modo en que estos figurarán.

7.2.1.3. As publicacións, cartelería, a publicidade e toda a produción das actividades deberán estar en lingua galega, conforme ó establecido na Ordenanza para o impulso social da lingua galega do Concello de Carballo.

7.2.1.4. Comunicar á área de Deporte do Concello de Carballo os actos de presentación pública relativos a actividades subvencionadas cursando invitación a un representante municipal.

7.2.2. Someterse ás actuacións de comprobación e control que os órganos competentes do Concello realicen, a través dos seus servizos técnicos, respecto do cumprimento dos seus compromisos, así como da aplicación dos fondos percibidos, aportando canta información sexa requirida. De igual forma quedarán sometidos ás actuacións que poidan realizar o Consello de Contas de Galicia ou o Tribunal de Contas.

7.2.3. Utilizar, con carácter xeral, de formas de pago a terceiros que poidan ser acreditadas mediante un documento expedido por unha entidade financeira (transferencia bancaria, tarxeta de crédito, tarxeta de débito, cheque ou talón nominativo, etc.) no que quede identificado o beneficiario, o importe e a data de pago e ca conformidade suficientemente

acreditada do contratista ou proveedor na correspondente factura en caso de pagos en efectivo. Só se utilizará o pago en efectivo por importes ata 300,00 €.

7.2.4. Cumprir os requisitos da convocatoria específica correspondente á subvención solicitada.

7.2.5. Utilizaren, con carácter xeral, unha linguaxe non sexista e inclusiva, elaborar materiais que fomenten a igualdade, tratar as imaxes con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, pluralidade de roles e identidades de xénero.

7.2.6. No caso de que algunha das actividades que execute a entidade solicitante implique o contacto habitual con menores, deberá comprobar que o persoal ao seu cargo cumpre co esixido pola Lei orgánica 1/1996, de protección xurídica do menor, de modificación do Código civil e da Lei de axuízamento civil.

7.2.7. Cumprir con calquera outra obriga reflectida no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

8. SOLICITUDE.

8.1. Lugar e prazo de presentación de solicitudes.

8.1.1. As solicitudes presentaranse de xeito telemático na sede electrónica do Concello de Carballo. A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa presentada dentro do prazo establecido e na sede citada.

8.1.2. O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días naturais contados dende o seguinte a publicación do extracto das convocatorias no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, a través da BDNS.

8.1.3. No caso de que a documentación fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de dez días para a súa enmenda. Pasado o dito prazo sen que o interesado atenda o requirimento, entenderase que desiste da súa petición.

8.2. Número de solicitudes. Cada entidade poderá solicitar subvencións para un máximo de tres (3) proxectos, según o detalle da táboa que de seguido se detalla, e sen perxuízo dos límites dispostos en cada convocatoria específica. Indicarase a orden de preferencia, podendo o Concello aceptar só parte das solicitudes, en función do número total de solicitudes e solicitantes e crédito disponible.

Convocatoria	N.º máximo de solicitudes por solicitante
Programa de subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de organización e participación en fases finais de ascenso a competicións nacionais e campionatos de España durante o ano 2022.	2
Programa de subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de organización de eventos deportivos e actividades deportivas de carácter extraordinario durante o ano 2022.	1
Programa de subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de proxectos de actividade xeral durante o ano 2022	1
Total máximo de solicitudes	3

8.3. Documentación.

8.3.1. A documentación da solicitude deberá vir asinada do seguinte xeito:

8.3.1.1. No caso das certificacións, pola Secretaría co visto e praxe da Presidencia ou persoa na que delegue.

8.3.1.2. No caso das declaracións, compromisos e outra documentación, pola Presidencia ou persoa que represente a entidade.

8.3.2. O solicitante utilizará modelos simplificados de solicitude obtidos na Área de Deportes do Concello de Carballo ou en www.carballo.gal

8.3.3. Presentarase a seguinte documentación:

8.3.3.1. No caso de que a Presidencia delegue noutra persoa a presentación telemática das solicitudes de subvencións e/ou a sinatura electrónica de toda a documentación necesaria para a súa tramitación, incluíndo as certificacións, acreditación da delegación da Presidencia na que se especifique o alcance da dita delegación.

8.3.3.2. Declaración de estar legalmente constituída e de estar inscrita no rexistro de entidades deportivas de Galicia e no rexistro municipal de asociacións do Concello de Carballo cos números respectivos, de que dispón dos estatutos adaptados á lexislación vixente así como de que o seu obxecto a faculta para a participación na presente convocatoria.

8.3.3.3. Certificación acreditativa dos cargos representativos e domicilio social.

8.3.3.4. Certificación orixinal dos datos bancarios da entidade solicitante.

8.3.3.5. Certificación orixinal acreditativa do acordo de solicitude e nomeamento do representante (se procede) para as súas relacións co Concello de Carballo e fotocopia do NIF do mesmo.

8.3.3.6. Declaración de non estar incursas a persoa representante e a entidade nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para ser beneficiarias ou percibir subvencións da administración pública previstas no art. 13 da Lei xeral de subvencións 38/2003, do 17 novembro.

8.3.3.7. No caso de opoñerse á comprobación por parte do Concello de Carballo, certificación acreditativa de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.3.3.8. Correo electrónico para comunicacións de trámite e requirimento de documentación.

8.3.3.9. Comunicación e solicitude de autorización ó Concello de Carballo para contratar con persoas ou entidades vinculadas co solicitante, se é o caso.

8.3.3.10. Declaración da insuficiencia financeira para asumir os gastos que se deriven do proxecto subvencionado, e para a constitución de garantía que responda dos pagos anticipados superiores a 3.000,00 €, se é o caso.

8.3.3.11. Calquera outra documentación, compromisos ou manifestacións que se especifiquen na convocatoria específica correspondente.

9. RESOLUCIÓN.

9.1. O prazo máximo de resolución e notificación da concesión das subvencións será de seis meses, contado a partir da data de remate do prazo de presentación de solicitudes.

9.2. Valoración das solicitudes. A selección das peticións e a contía das subvencións determinarase despois da consideración das actividades e investimentos que se van realizar, de acordo cos criterios que se establezan de xeito particular para cada convocatoria específica.

9.3. Concesión.

9.3.1. A concesión das subvencións realizarase, mediante un réxime de concorrencia competitiva, e resolverá a Xunta de Goberno Local, logo da proposta motivada da comisión avaliadora correspondente, requirindo informe do Sevizo de Fomento e Programas Deportivos.

9.3.2. A comisión será nomeada por resolución de Alcaldía, actuando como secretario/a, sen voto, un/unha funcionario/a do Concello de Carballo e estará composta polas seguintes persoas:

Presidencia: alcalde ou concelleiro en que delegue.

Vogais: 2 concelleiros/as da Corporación Municipal.

9.3.3. A comisión avaliadora, formulará proposta de resolución de concesión provisional, debidamente motivada, que deberá expresar a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención e a súa contía, así como as solicitudes desestimadas, as desistidas e as non admitidas a trámite.

9.3.4. Por decreto da alcaldía dítase a resolución de concesión provisional, concedéndoselles un prazo de 10 días hábiles para comunicaren, ben o desestimento da solicitude, a reformulación ou o cambio de obxecto, ben para, de o estimar oportuno, presentaren alegacións. No caso de non formular desestimento expreso, a subvención considerarase aceptada tácitamente. No caso de existiren alegacións por parte das entidades interesadas, deberanse resolver expresamente na resolución de concesión definitiva das subvencións.

9.3.5. A resolución de concesión provisional non crea dereito ningún a favor da entidade beneficiaria proposta fronte ó Concello de Carballo mentres este non lle notifique a resolución definitiva de concesión.

9.3.6. Unha vez transcurrido o prazo de alegacións, e resoltas as mesmas se as houbera, a Xunta de Goberno Local adoptará acordo de concesión definitiva das subvencións.

10. NOTIFICACIÓNS.

10.1. A resolución de concesión provisional notificarase ós interesados mediante anuncio público no taboleiro de anuncios do Concello de Carballo, sito na Casa do Concello, na Praza do Concello, s/n e na Páxina web municipal <http://www.carballo.gal/deporte/portada.php> na data seguinte á da aprobación polo órgano competente. Concederase un prazo de dez días para presentar alegacións.

10.2. O acordo de concesión definitiva notificarase ós interesados propostos como beneficiarios na forma prevista na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, para que no prazo de dez días comuniquen a aceptación á área de Deporte do Concello de Carballo. Transcurrido o prazo se terse producido a aceptación expresa, a subvención entenderase tácitamente aceptada.

11. PAGAMENTO.

11.1. Segundo o establecido en cada convocatoria específica.

11.2. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta sinalada polo beneficiario.

11.3. No caso de realizarse pago anticipado, e cando o importe da subvención ou axuda exceda da cantidade de 3.000€, o beneficiario deberá presentar previamente garantía suficiente. A garantía constituirase por importe igual á cantidade de pago a conta anticipado incrementado nun 5%.

11.4. En base ó previsto no artigo 42 do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, por tratarse dun procedemento en concurrencia, e dada a natureza das actividades subvencionadas en canto ó seu especial interese social, poderase exonerar da constitución de garantía a aqueles beneficiarios que xustifiquen especiais características mediante declaración da insuficiencia financeira para asumir os gastos que se deriven do proxecto subvencionado.

12. XUSTIFICACIÓN.

12.1. A documentación xustificativa deberá presentarse no rexistro xeral do concello con destino ó servizo que conceda a subvención, o cal deberá conformar dita xustificación.

12.2. Prazo de xustificación.

12.2.1. O prazo para a xustificación das subvencións rematará o día 31 de xaneiro de 2022.

12.2.2. Vencido o prazo de xustificación sinalado nestas bases, sen que a entidade presentara a documentación xustificativa, requiriráselle para que a presente no prazo improrrogable de quince días dende a notificación.

12.2.3. A falta de presentación da documentación neste prazo suporá a renuncia á subvención outorgada, sen prexuízo das responsabilidades previstas na Lei xeral de subvencións.

12.2.4. Este prazo será de aplicación, agás o indicado na convocatoria específica.

12.3. Consideracións xerais.

12.3.1. O orzamento subvencionado a xustificar será o indicado na convocatoria específica e no acordo de concesión definitiva. Determinase a partir da propia solicitude co límite establecidos nas bases específicas. Resultará do cociente da subvención concedida entre o coeficiente de financiamento. O coeficiente de financiamento é o resultado do cociente do importe de subvención solicitado entre o importe total do orzamento de gastos da solicitude inicial.

12.3.2. No caso de ter outras subvencións ou ingresos propios para o mesmo obxecto que, en concurrencia coa subvención do Concello de Carballo, teñan un importe superior á cantidade resultante do cálculo anterior, o orzamento subvencionado para xustificar será a suma das subvencións e ingresos.

12.3.3. O gasto xustificado documentalmente deberá acadar polo menos, o importe do orzamento subvencionado para xustificar.

12.3.4. O importe das subvencións concedidas, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concurrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou entidades privadas, supere o custo da actividade ou investimento desenvolvido pola entidade beneficiaria.

12.3.5. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención concurrente de subvencións doutras administracións públicas ou entidades privadas, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

12.4. Documentación Xustificativa. Presentarase a seguinte documentación:

12.4.1. Memoria que acredite a realización da actividade e o grao de cumprimento dos obxectivos, con indicación das actividades ou investimentos realizados, das persoas beneficiarias, dos resultados obtidos, e as desviacións acaecidas.

12.4.2. Relación clasificada de gastos realizados, asinada polo secretario da entidade, co visto e prace do seu presidente, e con identificación dos acredores (nome da entidade ou nome e apelidos e CIF ou NIF), dos conceptos de gasto e dos tipos de documentos (n.º de factura ou documento equivalente, importe, data completa de emisión).

12.4.3. Para os gastos de persoal indicarse para cada traballador/a e mes: a data, o importe bruto da nómina e o importe da seguridade social con cargo á entidade, así como a porcentaxe da xornada laboral de cada traballador/a que se lle impute á actividade que se está a xustificar.

12.4.4. De conformidade co art. 29.7.d da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no caso de que na declaración de gastos figuren acredores, tanto persoas físicas como xurídicas vinculadas coa entidade beneficiaria estes deberán corresponderse cos indicados na solicitude de subvención das presentes bases. Así mesmo os ditos gastos deberán axustarse aos prezos de mercado.

12.4.5. Desviacións acaecidas sobre o orzamento da solicitude.

12.4.6. Relación detallada de todos os ingresos de natureza pública ou privada obtidos, das subvencións doutras Administracións Públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto, con indicación do seu importe e procedencia, así como dos ingresos que xere a propia actividade subvencionada, ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

12.4.7. Declaración do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración do Concello de Carballo en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se faga das actividades subvencionadas e resto de obrigas de publicidade da financiación municipal, así como de utilización da lingua galega nos termos da presente convocatoria.

12.4.8. Declaración de non ter pendente de xustificación outra axuda do Concello de Carballo na que xa rematara o prazo para a presentación dos xustificantes.

12.4.9. No caso de opoñerse á comprobación por parte do Concello de Carballo, certificación acreditativa de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

12.5. Tramitación da xustificación.

12.5.1. Para os efectos de xustificar os gastos e coa finalidade de exceptuar o art. 31.2 da Lei xeral de subvencións, entenderase que o gasto está realizado coa achega da documentación sinalada na base anterior. Á vista da documentación xustificativa presentada e logo dos informes previos do servizo de fomento e programas deportivos e despois da súa fiscalización, o órgano competente valorará o cumprimento das actividades ou investimentos subvencionados e, se a documentación é correcta, procederase ó pagamento da cantidade de subvención pendente de percibir.

12.5.2. Para a valoración do cumprimento da finalidade básica da subvención terase en conta o seguinte:

12.5.2.1. No caso de que se xustifique gasto polo 100% do orzamento subvencionado para xustificar, aboarase a totalidade da subvención.

12.5.2.2. No caso de que se xustifique gasto inferior ao 100% e, polo menos do 50% do orzamento subvencionado para xustificar, aboarase a parte proporcional da subvención. En caso de térselle abonado por anticipo cantidade superior á resultante final a percibir, dará lugar ó procedemento de reintegro correspondente.

12.5.2.3. No caso de que se xustifique gasto inferior ao 50% do orzamento subvencionado para xustificar, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, polo que non se aboará cantidade ningunha. En caso de térselle abonado cantidades por anticipo, dará lugar ó procedemento de reintegro correspondente.

12.5.3. No caso de que a documentación fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de dez días para a súa emenda. Pasado o dito prazo sen que o interesado atenda o requirimento, entenderase que desiste da súa petición, ditándose resolución que deberá ser notificada ao beneficiario.

12.5.4. O Concello de Carballo poderá requirir da entidade beneficiaria a documentación que estime pertinente para os efectos de comprobar o cumprimento da finalidade da subvención.

12.5.5. No caso de non atoparse ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e teña xustificado o cumprimento das condicións da subvención, advertirase ao beneficiario de que non se procederá ao seu pagamento, agás que xustifique ter regularizado a súa situación tributaria ou social.

12.5.6. Para o non previsto nas presentes bases, será de aplicación o establecido na ordenanza xeral de subvencións do Concello de Carballo, na lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na súa normativa de desenvolvemento que resulte de aplicación.

12.5.7. **Técnicas de muestreo.** No cumprimento do disposto no artigo 75.3 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións comprobarase a documentación relativa ós xustificantes de gasto, forma de pago dos mesmos con arreglo á base 7.2.4 e toda aquela documentación que se estime oportuna ó fin de permitir obter evidencia razoable sobre a axeitada aplicación da subvención, que resulten da aplicación da seguinte técnica de muestreo:

Efectuarase un sorteo entre tódalas subvencións outorgadas para as tres convocatorias específicas, de xeito que se escollan o 25% das subvencións outorgadas de entre cada un dos seguintes tramos:

Subvencións por importe inferior a 5.000,00 €.

Beneficiarios de subvencións por importe entre 5.000,00 € e 10.000,00 €.

Beneficiarios de subvencións por importe superior a 10.000,00 €.

A porcentaxe do 25% aplicarase con redondeo decimal a unha cifra, e sempre superior no caso de exceder o número enteiro.

13. INCORPORACIÓN Ó REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

No cumprimento do disposto no artigo 18.2 da Ley 38/2003, general de subvenciones, e demais normativa de desenvolvemento, o Concello de Carballo remitirá a Base de Datos Nacional de Subvenciones información sobre a concesión das subvencións.

Disposición adicional primeira

Para os efectos da salvagarda do dereito das entidades participantes na presente convocatoria á protección dos seus datos de carácter persoal, nos termos dispostos na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, faise constar que os datos das subvencións concedidas quedarán incorporados ao Rexistro Público de Subvención.

Disposición adicional segunda

En ningún caso a presente convocatoria xerará dereito ningún a favor das entidades solicitantes mentres tanto non se dean as condicións orzamentarias, procedementais e xurídicas de aplicación.

Disposición adicional terceira

O importe do crédito destinado as convocatorias específicas, poderá incrementarse nunha contía adicional sen necesidade de nova convocatoria, respectando os límites e condicións establecidos no artigo 58 do Real decreto 887/2206 de 21 de xullo e no artigo 9 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Disposición adicional cuarta

As entidades, clubs e asociacións que concorran ás presentes subvencións, en tanto que utilicen as instalacións deportivas municipais, adheriranse de xeito automático ao convenio para ser beneficiarias de subvención nominativa, das reguladas na Ordenanza Xeral de Subvencións deste Concello, sempre e cando se atopen incluídas na relación da base vixésima novena de execución do orzamento municipal, en concepto de financiación e fomento do uso das instalacións deportivas municipais, ata o importe máximo do previsto na citada relación, que, ao abeiro do previsto no art. 5.4 da Ordenanza Fiscal n.º 22 do Concello, reguladora das taxas pola utilización privativa e o aproveitamento especial das instalacións deportivas municipais, e pola prestación de servizos deportivos nas mesmas, que, de xeito excepcional, se liquidará, unha vez concedida, compensándose coas taxas efectivamente devengadas, de xeito que non se esixirá as concorrentes ou depósito previo das referidas taxas. A dita compensación non poderá dar lugar, en suposto algún, a resultados positivos a favor da beneficiaria da subvención nominativa.

A participación na convocatoria supón a aceptación das súas bases reguladoras.

ANEXO II

CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS DIRIXIDAS A ENTIDADES DEPORTIVAS PARA O FINANCIAMENTO DE ORGANIZACIÓN E PARTICIPACIÓN EN FASES FINAIS DE ASCENSO A COMPETICIONS NACIONAIS E CAMPIONATOS DE ESPAÑA DURANTE O ANO 2022

BASES ESPECÍFICAS DA CONVOCATORIA (complementarias das bases reguladoras xerais)

DATOS DA CONVOCATORIA

Denominación: convocatoria do programa de subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de organización e participación en fases finais de ascenso a competicións nacionais e campionatos de España durante o ano 2022.

Crédito orzamentario: o importe global das subvencións é de nove mil euros (9.000,00 €), gasto imputable á aplicación 3410/48900 "Subvencións fomento deporte non nominativas" do Orzamento Municipal en vigor (RC 220220004050).

O importe do crédito destinado a esta convocatoria, poderá incrementarse nunha contía adicional sen necesidade de nova convocatoria, respectando os límites e condicións establecidos no artigo 58 do Real decreto 887/2206, do 21 de xullo, e no artigo 9 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Importe da subvención que se ha conceder:

- Debido ó interese das actividades a subvencionar e ó seu condicionamento a un resultado deportivo previo de difícil planificación, o importe da subvención solicitada poderá acadar o 70% do orzamento de gastos (Coeficiente de financiamento do 0,7)
- O importe máximo a conceder por beneficiario é de 5.000,00 €.

- Os importes a conceder en condición de organizador e/ou participante son os detallados na seguinte táboa segundo a categoría e a relevancia da modalidade referida ó número de licencias:

N.º de licencias totales da Modalidade deportiva en Galicia	Sénior		Categorías Inferiores		Máster	
	Participante	Organizador	Participante	Organizador	Participante	Organizador
10.001 e máis	3000 €	5000 €	2000 €	4000 €	1000 €	2000 €
De 5.001 a 10.000	2000 €	4000 €	1500 €	3000 €	750 €	1500 €
De 2.501 a 5.000	1500 €	3000 €	1000 €	2000 €	500 €	1000 €
Ate 2.500	1000 €	2000 €	750 €	1500 €	250 €	750 €

- No caso de que as actividades teñan lugar fóra do territorio peninsular incrementarase os respectivos importes das subvencións nun 50%.
- Os importes da subvención detallados reduciranse nun 50% nos casos de participacións con número de deportistas inferior a 6.
- Os importes da subvención detallados reduciranse nun 25% nos casos de: participacións con número de deportistas inferior a 10.
- De rebasarse os límites establecidos, diminuírase o importe concedido ata axustalo ós límites definidos, e o Concello de Carballo poderá decidir en función do número e interese das solicitudes redistribuído entre as restantes solicitudes de xeito proporcional á puntuación obtida.

3. FINALIDADE E OBXECTO.

1. A presente convocatoria de subvencións ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas ás entidades deportivas sen ánimo de lucro para o financiamento de organización e participación en fases finais de ascenso a competicións nacionais, fases intersector ou finais de campionatos de España, en categorías absoluta, máster ou inferiores.

2. A organización, a efectos da presente convocatoria, consiste en acoller a competición que directamente permita obter un ascenso ou campionato de España, con celebración íntegra a modo de concentración no termo municipal e instalacións deportivas do mesmo, e a celebrarse en alomenos dous días.

3. Poderá solicitarse subvención para dúas fases de diferente competición en única solicitude, debendo en este caso indicarse cada actividade de forma independente e por orden de preferencia, podendo o Concello aceptar só a primeira ou ambas, en función do número total de solicitudes e solicitantes, crédito dispoñible, e outros aspectos técnicos como a duplicidade e interese deportivo das mesmas, etc. Neste suposto presentárase memoria e orzamento para cada unha de elas.

4. No caso de solicitar subvención como organizador é requisito ser participante na competición obxecto da subvención, e só se percibirá subvención como organizador, de xeito que as subvencións por organización e participación non son acumulables.

5. No caso de equipos ou deportistas individuais da mesma entidade, que participan en mesmas ou diferentes datas e ámbito xeográfico, en diferentes categorías, en diferentes modalidades ou diferentes especialidades de unha modalidade, poderá considerarse como unha única competición, e unha única petición, tendo en conta para a súa valoración e outorgamento a categoría mais numerosa que teña participación ou a máis favorable que acade o número de 5 participantes. Esta agrupación será analizada polo Concello, e á vista das súas características poderá rexeitala requirindo a súa reformulación con parte das participacións ou competicións que a integran.

4. EXCLUSIÓNS.

Quedan excluídas da presente convocatoria as seguintes actividades e investimentos:

- Os proxectos xa subvencionados polo Concello de Carballo a través doutras axudas ou convocatorias.
- Probas deportivas ás que non se accede con requisitos clasificatorios previos.
- As participacións que non se consideren do ámbito municipal: Deportistas que participan con unha entidade deportiva, pero desenvolven a súa actividade deportiva de xeito habitual fóra do ámbito xeográfico municipal, excluíndose da convocatoria e valoración os participantes que incurran nesta circunstancia, a súa actividade e gastos.
- Para a condición única de participante, quedan excluídas as competicións que non conlevan necesidades inexcusables e imprescindibles de pernocta e manutención para a participación nas mesmas da entidade solicitante, o cal valorará

a administración municipal. Este caso non excluírá a solicitude e obtención de subvención en concepto de organizador definida nas bases 3.2 e 3.4.

8. SOLICITUDE.

Tal e como se establece na base 3.3 poderás solicitarse subvención para dúas competicións diferentes en única solicitude, debendo en este caso indicarse cada actividade de forma independente e por orden de preferencia, podendo o Concello optar por unha ou varias de elas. Neste suposto presentarase memoria e orzamento para cada unha de elas.

Documentación específica da convocatoria:

1. Importe da subvención solicitada.
2. Identificación da competición: denominación, datas, lugar de celebración, programa e sistema de competicións, número de equipos ou deportistas participantes e descrición clara do proceso para adquirir a condición de participante.
3. Orzamento estimado dos gastos, desglosando os Ingresos referentes a cotas propias da actividade, a subvencións, e a outros tipos de ingresos, e os Gastos referentes a persoal, profesionais, materiais e outros imputables directamente á actividade.
4. Declaración responsable asumindo expresamente o compromiso de aporte da porcentaxe propia ó orzamento.

9. RESOLUCIÓN: VALORACIÓN DAS SOLICITUDES.

A selección das peticións determinarase, de acordo cos seguintes criterios e baremos, resultando unha listaxe por orden de puntuación:

1. Orzamento: menor porcentaxe de axuda municipal solicitada en relación á contía total do orzamento (máximo de 50 puntos).

Porcentaxe de aportación municipal solicitada	Participante	Organizador
Menor ou igual ó 30% do orzamento	40	50
Maior do 30% e menor ou igual ó 40% do orzamento	30	40
Maior do 40% e menor ou igual ó 50% do orzamento	20	30
Maior do 50% e menor ou igual ó 60% do orzamento	10	20
Maior do 60% e menor do 70% do orzamento	5	10

2. Categoría: nivel deportivo (máximo de 50 puntos).

Licencias Auton.	Sénior	Base
10.001 e máis	50	40
De 5.001 a 10.000	40	30
De 2.501 a 5.000	30	20
Ate 2.500	20	10

3. Número de participantes (máximo de 10 puntos).
4. Prioridade da petición (máximo de 10 puntos): 10 puntos á prioridade 1 e 0 puntos á prioridade 2.

Outorgaranse por orden subvencións dos importes determinados en esta convocatoria específica no apartado “importe da subvención que se ha de conceder”. Se houbera dous ou máis beneficiarios ca mesma puntuación e o importe dispoñible non acadase para outorgarles a ambos os importes correspondentes, distribuírase entre os mesmos proporcionalmente, en base á cantía que lles correspondería obter a cada un deles. Unha vez esgotado o crédito, aplicando a orde de puntuación, os seguintes proxectos de actividade non obterán importe algún de subvención.

11. PAGAMENTO.

Debido ás características dos destinatarios e a natureza das iniciativas obxecto das subvencións o pago das mesmas será anticipado, supoñendo entrega de fondos con carácter previo e aboaranse do xeito seguinte: Unha vez publicada a resolución da concesión da subvención, realizarase, un anticipo do 95% do total concedido. Unha vez xustificada a subvención debidamente realizarase o pago do 5% restante.

En base ó previsto no artigo 42 do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, por tratarse dun procedemento en concorrencia, e dada a natureza das actividades subvencionadas en canto ó seu especial interese social, poderase exonerar da constitución de garantía a aqueles beneficiarios que xustifiquen especiais características mediante declaración da insuficiencia financeira para asumir os gastos que se deriven do proxecto subvencionado.

O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta sinalada polo beneficiario.

12. XUSTIFICACIÓN.

Prazo de xustificación: o prazo para a xustificación das subvencións rematará o día 31 de xaneiro de 2023, ou un mes despois do remate das actuacións subvencionadas.

O orzamento subvencionado a xustificar será o importe da subvención concedida dividido entre o coeficiente de financiamento, que se establece no máximo do 0,7.

O coeficiente de financiamento determínase na solicitude e é o resultado do cociente do importe de subvención solicitado entre o importe total do orzamento de gastos da solicitude inicial.

Cando a porcentaxe de axuda municipal solicitada sexa inferior ó 70%, e xa que este factor se ten en conta para a valoración das solicitudes, o orzamento subvencionado a xustificar axustarase a esa condición, e do contrario minorarase a contía da subvención ate cumprir ca porcentaxe de autofinanciamento valorada para a obtención da axuda.

No caso de ter outras subvencións ou ingresos propios para o mesmo obxecto que, en concorrencia coa subvención do Concello de Carballo, teñan un importe superior á cantidade resultante do cálculo anterior, o orzamento subvencionado para xustificar será a suma das subvencións e ingresos.

Documentación Específica: certificado da federación deportiva correspondente especificando a participación do beneficiario na competición e a clasificación acadada, ou no seu defecto documento que permita acreditar a participación efectiva na actividade subvencionada.

ANEXO III

CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS DIRIXIDAS A ENTIDADES DEPORTIVAS PARA O FINANCIAMENTO DE ORGANIZACIÓN DE EVENTOS DEPORTIVOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS DE CARÁCTER EXTRAORDINARIO DURANTE O ANO 2022.

BASES ESPECÍFICAS DA CONVOCATORIA (complementarias das bases reguladoras xerais)

DATOS DA CONVOCATORIA

Denominación: convocatoria do programa de subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de Organización de Eventos Deportivos e actividades deportivas de carácter extraordinario durante o ano 2022.

Crédito orzamentario: o importe global das subvencións é de dez mil euros (10.000,00 €), gasto imputable á aplicación 3410/48900 "Subvencións fomento deporte non nominativas" do orzamento municipal en vigor (RC 22022000405).

Importe da subvención que se ha conceder:

- O importe da subvención solicitada, á vista do carácter extraordinario dos eventos deportivos e do seu interese deportivo e social, poderá acadar o 70% do orzamento de gastos (coeficiente de financiamento do 0,7), cun importe máximo da subvención de 1.500,00 €.
- Así, de rebasarse esos límites, diminuírase o importe concedido ata axustalo a esta condición, e o Concello de Carballo poderá decidir en función do número e interese das solicitudes redistribuído entre os mesmos de xeito proporcional á puntuación obtida.
- O importe do crédito destinado a esta convocatoria, poderá incrementarse nunha contía adicional sen necesidade de nova convocatoria, respectando os límites e condicións establecidos no artigo 58 do Real decreto 887/2206 de 21 de xullo e no artigo 9 d aLei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. FINALIDADE E OBXECTO.

A presente convocatoria de subvencións ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas ás entidades deportivas sen ánimo de lucro co fin de fomentar e promover a Organización de Eventos Deportivos e actividades deportivas de carácter extraordinario, definidos como actividades de celebración puntual ou singular a celebrarse no Concello de Carballo durante o ano 2022.

Poderá solicitarse subvención para un único evento por entidade.

4. EXCLUSIÓNS.

1. Os proxectos xa subvencionados polo Concello de Carballo a través de outras axudas ou convocatorias.
2. As probas deportivas pertencentes a calendarios de campionatos federados regulares non terán esta consideración, agás os deportes do motor, ciclismo e triathlon, pola súa especial singularidade en canto ás necesidades organizativas, e supeditado ó informe de valoración sobre as mesmas do servizo de fomento e programas deportivos.
3. As actividades periódicas de verán ou períodos non lectivos, como campamentos, campus, etc. que se realizan de xeito regular durante varias xornadas do período de vacacións escolares ou do horario extraescolar e se poden considerar parte da actividade xeral das entidades organizadoras.
4. Os beneficiarios de subvención directa municipal para organización de eventos deportivos durante 2022 previstos no orzamento municipal.

8. SOLICITUDE.

Poderá solicitarse subvención para un único evento.

Documentación específica da convocatoria:

1. Proxecto técnico, con especificación de: descrición, xustificación, fins e obxectivos, perfil e criterios de admisión de participantes, estrutura organizativa e de execución.
2. Declaración do número de edicións celebradas e número de participantes na última edición.
3. Orzamento estimado dos gastos, desglosando os Ingresos referentes a cotas propias da actividade, a subvencións, e a outros tipos de ingresos, e os Gastos referentes a persoal, profesionais, materiais e outros imputables directamente á actividade.
4. Declaración responsable asumindo expresamente o compromiso de aporte da porcentaxe propia ó orzamento.
5. Duración da actividade.
6. N.º de participantes na actividade.
7. Declaración sobre o nivel dos deportistas ou o recoñecido polas federacións deportivas correspondentes.
8. Declaración do ámbito do evento.
9. Importe da subvención solicitada.

9. RESOLUCIÓN: VALORACIÓN DAS SOLICITUDES.

A selección das peticións e o importe das subvencións determinarase despois da consideración das actividades e investimentos que se van realizar, de acordo cos seguintes criterios e baremos, ata un total máximo de 100 puntos:

1. Proxecto técnico (máximo de 20 puntos). Valoraranse a presentación e a formulación, contidos e desenvolvemento.
2. Traxectoria da actividade (máximo de 20 puntos). Valoraranse o número de edicións celebradas, a participación e repercusión na última edición.
3. Orzamento: Menor porcentaxe de axuda municipal solicitada en relación á contía total do orzamento (máximo de 30 puntos).
4. Nivel e ámbito do evento, segundo o nivel dos deportistas ou o recoñecido polas federacións deportivas correspondentes, número de participantes e duración (máximo de 15 puntos).
5. Interese da actividade para o sistema deportivo local (máximo de 15 puntos). Valoraranse o interese para o sistema deportivo local, en función dos fins e necesidades que o Concello de Carballo considera para o mesmo, e tendo en conta o interese xeral e sectorial, coordinación e complementariedade da actividade cos programas municipais.

11. PAGAMENTO.

Debido ás características dos destinatarios e a natureza das iniciativas obxecto das subvencións o pago das mesmas será anticipado, supoñendo entrega de fondos con carácter previo e aboaranse do xeito seguinte: Unha vez publicada a resolución da concesión da subvención, realizarase, un anticipo do 95% do total concedido. Unha vez xustificada a subvención debidamente realizarase o pago do 5% restante.

En base ó previsto no artigo 42 do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, por tratarse dun procedemento en concorrencia, e dada a natureza das actividades subvencionadas en canto ó seu especial interese social, poderase exonerar da constitución de garantía a aqueles beneficiarios que xustifiquen especiais características mediante declaración da insuficiencia financeira para asumir os gastos que se deriven do proxecto subvencionado.

O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta sinalada polo beneficiario.

12. XUSTIFICACIÓN.

Prazo de xustificación: O prazo para a xustificación das subvencións rematará o día 31 de xaneiro de 2023, ou un mes despois do remate das actuacións subvencionadas.

O orzamento subvencionado a xustificar será o importe da subvención concedida dividido entre o coeficiente de financiamento, que se establece no máximo do 0,7.

O coeficiente de financiamento determínase na solicitude e é o resultado do cociente do importe de subvención solicitado entre o importe total do orzamento de gastos da solicitude inicial.

Cando a porcentaxe de axuda municipal solicitada sexa inferior ó 70%, e xa que este factor se ten en conta para a valoración das solicitudes, o orzamento subvencionado a xustificar axustarase a esa condición, e do contrario minorarase a contía da subvención ate cumprir ca porcentaxe de autofinanciamento valorada para a obtención da axuda.

No caso de ter outras subvencións ou ingresos propios para o mesmo obxecto que, en concorrencia coa subvención do Concello de Carballo, teñan un importe superior á cantidade resultante do cálculo anterior, o orzamento subvencionado para xustificar será a suma das subvencións e ingresos.

ANEXO IV

CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDAS A ENTIDADES DEPORTIVAS PARA O FINANCIAMENTO DE ACTIVIDADE XERAL DURANTE O ANO 2022.

BASES ESPECÍFICAS DA CONVOCATORIA (complementarias das bases reguladoras xerais)

DATOS DA CONVOCATORIA

Denominación: convocatoria do programa de subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de proxectos de actividade xeral durante o ano 2022.

Crédito orzamentario: o importe global das subvencións é de cento vinte e cinco mil euros (125.000,00 €), gasto imputable á aplicación 3410/48900 "Subvencións fomento deporte non nominativas" do Orzamento Municipal en vigor. (RC 220220004052).

O importe do crédito destinado a esta convocatoria, poderá incrementarse nunha contía adicional sen necesidade de nova convocatoria, respectando os límites e condicións establecidos no artigo 58 do Real decreto 887/2206 de 21 de xullo e no artigo 9 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Importe da subvención que se ha conceder:

- O importe da subvención solicitada poderá acadar o 50% do orzamento de gastos (Coeficiente de financiamento do 0,5), cun importe máximo da subvención para unha mesma entidade de 25.000,00 €.
- Os solicitantes que en resultado da valoración da súa solicitude acaden 5 puntos ou menos sobre os 100 máximos posibles, obterán un importe máximo de 400,00 € de subvención. Así, se o importe resultante da puntuación obtida excede de 400,00 € pero esta non superou os 5 puntos, diminuírase ata axustalo a esta condición, e o importe excedente poderá redistribuírse proporcionalmente á puntuación resultante da valoración entre os solicitantes cujas solicitudes superen os 5 puntos.
- Os solicitantes que non efectúen actividade deportiva federada en categoría de base algunha só poderán obter un importe máximo de 1.500,00 €, de xeito que se o importe resultante da puntuación obtida é superior diminuírase ata axustalo a 1.500,00 €, e o importe excedente poderá redistribuírse proporcionalmente entre o resto de solicitantes. A participación de deportistas de base en equipos sénior non computará a estos efectos como actividade deportiva federada de categoría base, debendo existir participación nas categorías específicas de base á que pertencen os deportistas.

3. FINALIDADE E OBXECTO.

Comprende a xestión da participación ordinaria das entidades deportivas en competicións federadas ou análogas, e as actividades deportivas ordinarias e de tempada competitivas e formativas de carácter non federado, segundo o definido nas presentes bases.

4. EXCLUSIÓNS.

4.1. Os proxectos xa subvencionados polo Concello de Carballo a través de outras axudas ou convocatorias.

4.2. A participación extraordinaria en fases sector, e fases finais de campionatos de España e/ou fases intersector clasificatorios para os mesmos que cumpran a casuística definida para o obxecto da convocatoria de subvencións para o financiamento de organización e participación en fases finais de ascenso a competicións nacionais e campionatos de España durante o ano 2022 para os que se solicite dita subvención.

4.3. Os beneficiarios de subvención municipal directa para a súa actividade xeral de competición federada e/ou actividade non federada ordinaria.

4.4. Aquelas entidades solicitantes que non acrediten alomenos o número de licenzas federadas da modalidade según o establecido na cláusula 7 de estas bases específicas.

7. OBRIGAS DAS ENTIDADES.

As entidades solicitantes de subvención para o financiamento de proxectos de actividade xeral han de acreditar alomenos 10 licenzas federadas de deportistas de categorías base e/ou sénior, correspondentes á tempada 2022 no caso de tempada anual ou 2021/22 no caso de tempadas bianuais. Esta condición debe cumprirse no momento da solicitude, e de non ser así, serán excluídas da convocatoria.

8. SOLICITUDE.

Documentación específica da convocatoria:

8.1.–Certificación acreditativa expedida pola federación correspondente referida á tempada obxecto da subvención (2022 no caso de tempada anual ou 2021/22 no caso de tempadas bianuais) do n.º total de licenzas de deportistas, técnicos e personal auxiliar en vigor, desagregadas por categorías e sexo, e con diferenciación das licenzas que habiliten para a participación en competicións oficiais, e aquelas que non se as houbera.

8.2.–Certificación acreditativa expedida pola federación correspondente referida á tempada obxecto da subvención (2022 no caso de tempada anual ou 2021/22 no caso de tempadas bianuais) da relación de equipos e/ou deportistas en competición oficial, con expresión do nivel da competición para cada un deles.

8.3.–Só para o caso de deportes individuais con licenzas federadas que habilitan para competir; certificación acreditativa expedida pola federación correspondente da participación dos deportistas titulares das licenzas nas respectivas competicións, ou no seu defecto documentación aportada pola entidade solicitante que permita acreditarla suficientemente.

8.4.–Datos relativos ó proxecto de actividades a subvencionarse:

8.4.1.–Declaración do número e tipo de licenzas na tempada 2021/22 ou 2022 que corresponden ás actividades subvencionadas.

8.4.2.–Declaración dos equipos e/ou deportistas en competicións federadas na tempada 2021/22 ou 2022 en categoría absoluta e previa á absoluta, identificación das competicións e se é o caso categorías que conforman o equipo (equipos regulamentariamente compostos por varias categorías)

8.4.3.–Declaración da relación de persoal ó servizo da entidade, titulación deportiva, función ou cargo, tipo de relación ca mesma (laboral, voluntariado, xornada, etc.) e de xornada (completa, parcial) que realizan no proxecto subvencionado.

8.4.5.–Descrición da estrutura xeral da entidade e equipos en competición que realizan o proxecto subvencionado.

8.5.–Relación de méritos deportivos: Campionatos Galegos, clasificacións para campionatos de España, podiums en campionatos de España e Galegos, campionatos de liga de categoría nacional, ascensos de categoría e deportistas seleccionados para encontros oficiais das seleccións Galega e Española.

8.6.–Proxecto de actividade deportiva non federada.

8.7.–Orzamento estimado, detallando os Ingresos referentes a cotas propias da actividade, a subvencións, e a outros tipos de ingresos, e os Gastos referentes a persoal, profesionais, materiais e outros imputables directamente á actividade.

8.8.–Importe da subvención solicitada (máx. 50%).

9. RESOLUCIÓN: VALORACIÓN DAS SOLICITUDES.

A selección das peticións e o importe das subvencións determinarase despois da consideración das actividades e investimentos que se van realizar, de acordo cos seguintes criterios e baremos, ata un total máximo de 105 puntos:

9.1.–Número de licencias, promoción do deporte base e feminino (Máximo de 30 puntos). A puntuación aplicarase outorgando: 0,1 puntos por licenza de veteranos, 1 punto por licenza sénior ou 2 puntos por licenza de base; e engadindo 0,5 puntos máis a cada licenza feminina base ou sénior e 0,05 puntos máis a cada licenza feminina veterana. Adxudícanse 30 puntos ó solicitante co maior número de puntos e ó resto a puntuación proporcional.

Unicamente se valorarán como federados as licencias que habiliten para a participación en competicións federadas oficiais ou consideradas análogas. Non se terán en conta como deportistas federados os que posúan licencias expedidas para a participación en cursos ou para actividades puntuais que non constitúan a actividade deportiva habitual e preferente de cada modalidade deportiva ou para probas federadas non competitivas ou non puntuables para campionatos federados oficiais ou consideradas análogas. Así, non se valorarán licenzas federativas de deportes individuais que non acompañen acreditación suficiente da efectiva utilización a esos efectos segundo o definido na base 8.3 e de xeito habitual atendendo ó respectivo calendario deportivo nen de deportes colectivos nos que non exista equipo da entidade participando oficialmente en competicións federadas ou consideradas análogas.

Poderán considerarse como análogas ás federadas determinadas ligas “A” de deporte escolar, tendo en conta: existencia de competicións federativas ou non, estrutura e nivel das mesmas, n.º de participantes e relevancia das modalidades, o cal valorará especificamente a administración municipal.

Para aquelas modalidades deportivas nas que non están contempladas as categorías federativas de veteranos, e a efectos de valoración consideraranse como tales aqueles deportistas nados en 1986 ou anteriores.

9.2.–Nivel das competicións nas que se participa co equipo sénior absoluto e o de categorías inferiores inmediatamente anterior ó mesmo, en relación á relevancia da modalidade deportiva, ámbito e nivel da competición. (Máximo de 30 puntos).

Para a valoración teranse en conta os seguintes criterios:

- Distribuirase a puntuación en 20 puntos máximos para o equipo de categoría absoluta e 10 puntos máximos para o equipo de categoría inferior inmediatamente anterior ó absoluto. (xunior ou xuvenil).
- **Relevancia da modalidade:** n.º de licenzas da modalidade deportiva en Galicia. Establécense os seguintes tramos dos que resulta un factor corrector a aplicar á suma das puntuacións deste apartado 2:

N.º de licenzas totales da modalidade deportiva en Galicia	Relevancia	Factor Corrector
De 40.001 en diante	Relevancia superior	Específico
De 25.001 a 40.000	6	1
10.001 a 25.000	5	0.9
De 5.001 a 10.000	4	0.8
De 2.501 a 5.000	3	0.7
De 1.001 a 2.500	2	0.6
Ate 1.000	1	0.5

Se nos datos de licenzas obtidos para o ano 2021 se observara unha desvirtuación sensible provocada polas circunstancias da pandemia Covid-19, poderán aplicarse os relativos a 2019, non afectados pola mesma.

- **Ámbito e nivel da competición:** competición nacional organizada pola federación española respectiva ou Autonómica dos diferentes niveis existentes e o número de ligas de participación por clasificación e acceso con ou sen requisito de clasificación. (Para considerar ámbito autonómico han de existir equipos das 4 provincias galegas en número significativo, con independencia da existencia de fases finais ou clasificatorias diferentes da competición regular inicial)

Ámbito	Puntuación a outorgar categoría absoluta	Puntuación a outorgar equipo da categoría base inmediatamente anterior á absoluta
Nacional	10	5
Autonómico	5	5
Interprovincial	2.5	2.5
Provincial	1.25	1.25
Local	0.75	0.75

N.º de ligas ou competicións existentes	Nivel da competición dentro do ámbito autonómico global	Puntuación a outorgar categoría absoluta	Puntuación a outorgar equipo da cat. base inmediatamente anterior á absoluta
Unha ou máis	Nacionais	10	5
Máis de unha	1.º nivel autonómico	5	5
Máis de unha	2.º nivel autonómico	2.5	1
Máis de unha	3.º ou superior nivel Aut.	1	0.25
Única	Única	3	1.5

- Para os casos en que a entidade compita en máis de unha modalidade ou especialidade só se terá en conta a máis favorable.
- Para as modalidades en que se celebre máis de unha competición regular anual por sistema de liga só se terá en conta a máis favorable.
- As modalidades con máis de 40.000 licenzas considéranse de relevancia superior e otórgaselles a máxima puntuación para o caso de competicións de ámbito autonómico do primeiro nivel do subapartado correspondente (20 p. categoría absoluta ou 10 p. base) para o caso de competicións por sistema de liga regular con alomenos vinte xornadas.
- Ás competicións por sistema de liga regular con alomenos vinte xornadas programadas e ámbito nacional outorgáselles a máxima puntuación do subapartado correspondente (20 p. categoría absoluta ou 10 p. base) sen redución.
- No caso das competicións por sistema de liga con participación por equipo e/ou individual: a) valorarase a participación por equipos, e a individual só en defecto da colectiva. b) Débese participar no calendario completo. c) Deben participar alomenos 10 participantes, e en caso de que as propias normas permitan equipos integrados por menor n.º de deportistas valorarase a puntuación reducíndoa nun 50%.
- No caso dos deportes de competición principal por sistema diferente á liga (concentracións ou probas puntuais de un ou máis días incluídas no calendario oficial da Federación Española ou Galega segundo o ámbito da competición: a) Valorase a puntuación reducida nun 50% e referente a equipos, ou individual se non competira por equipos; e no caso de participar en varias computará só unha delas. b) Para deportes individuais non se computará ate acadar 10 participantes e se os equipos completos se integraran por menos de 10 deportistas valorarase reducido nun 50%.
- Para o caso de competicións nas que o equipo se compón de categorías diferentes, a puntuación será valorada con redución do 50%.
- Aquelas competicións nas que se participe con número menor de 10 deportistas, a puntuación será valorada con redución do 50%.

9.3.–Estrutura de persoal técnico e deportiva (Máximo de 20 puntos). Valorarase o número de adestradores, titulacións, tipo de relación ca entidade (laboral, voluntario, etc.), xornada e a estrutura deportiva global de organización técnica e equipos e categorías da entidade en competición.

9.4.–Méritos deportivos (máximo de 5 puntos). Valóranse, os seguintes:

Mérito	Puntos
Campionato de España do máximo nivel da categoría.	2,5
A consecución de podium en campionatos de España do máximo nivel da categoría.	1
Finalista de Campionato de España en deportes individuais olímpicos.	0,5
A clasificación para campionatos de España do máximo nivel da categoría.	0,5
Os campionatos galegos do máximo nivel da categoría acadados e campionatos de liga no caso de competición nacional.	2
Podium no campionato galego no caso de deportes individuais.	0,5
Ascensos de categoría.	1
A convocatoria ca selección galega e española para competicións oficiais.	0,2

- No caso de deportes individuais, as clasificacións e campionatos computarán por acumulacións completas en número de 10.
- Ás modalidades non olímpicas aplicarase para o criterio méritos deportivos o coeficiente de 0,5.
- Ós méritos referidos ás categorías veteranos aplicarase sobre a valoración o coeficiente de 0,2.
- Debido á imprevisibilidade global dos méritos deportivos de cada tempada, en función do nivel das puntuacións obtidas polo conxunto dos solicitantes en este criterio, e para conquistar unha maior proporcionalidade na valoración poderase decidir a súa ponderación de xeito que se adxudiquen 5 puntos ó solicitante con mellor valoración e ó resto a puntuación proporcional.
- Descártanse todos aqueles campionatos non considerados os de máximo nivel da categoría, así como os referidos a concentracións, torneos, copas, e outros que non teñen carácter de campionato de España ou Galego.
- No caso de campionatos nacionais, galegos, etc. con posibilidade de obtención múltiple (2 ou máis anuais), aplícaselles redución proporcional.

– Os méritos obtidos como suma de méritos individuais xa valorados, non son obxecto de nova valoración como méritos colectivos.

– Valoraranse os méritos obtidos na tempada rematada no momento da solicitude para o caso de tempadas bianuais e para as tempadas anuais non rematadas os obtidos ata a data e os da tempada anterior non valorados na solicitude da tempada 2021, ou os da tempada anterior completa.

9.5.–Programa de actividade deportiva non federada (Máximo de 10 puntos). Valorarase atendendo á programación formulada, número de participantes, duración das actividades, valor formativo.

9.6.–Orzamento: menor porcentaxe de axuda municipal solicitada en relación á contía total do orzamento (máximo de 5 puntos).

9.7.–Adecuación das actuacións ó interese municipal (máximo 5 puntos): Valorarase o interese para o sistema deportivo local, en función dos fins e necesidades que o Concello de Carballo considera para o mesmo, e tendo en conta a interacción da entidade solicitante, e o impacto sobre a xestión do mesmo.

11. PAGAMENTO.

Debido ás características dos destinatarios e a natureza das iniciativas obxecto das subvencións o pago das mesmas será anticipado, supoñendo entrega de fondos con carácter previo e aboaranse do xeito seguinte: Unha vez publicada a resolución da concesión da subvención, realizarase, un anticipo do 95% do total concedido. Unha vez xustificada a subvención debidamente realizarase o pago do 5% restante.

En base ó previsto no artigo 42 do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, por tratar-se dun procedemento en concorrencia, e dada a natureza das actividades subvencionadas en canto ó seu especial interese social, poderase exonerar da constitución de garantía a aqueles beneficiarios que xustifiquen especiais características mediante declaración da insuficiencia financeira para asumir os gastos que se deriven do proxecto subvencionado.

O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta sinalada polo beneficiario.

12. XUSTIFICACIÓN.

O orzamento subvencionado a xustificar será o importe da subvención concedida dividido entre o coeficiente de financiamento, que se establece no máximo do 0,5.

O coeficiente de financiamento determínase na solicitude e é o resultado do cociente do importe de subvención solicitado entre o importe total do orzamento de gastos da solicitude inicial.

Cando a porcentaxe de axuda municipal solicitada sexa inferior ó 50%, e xa que este factor se ten en conta para a valoración das solicitudes, o orzamento subvencionado a xustificar axustarase a esa condición, e do contrario minorarase a contía da subvención ate cumprir ca porcentaxe de autofinanciamento valorada para a obtención da axuda.

No caso de ter outras subvencións ou ingresos propios para o mesmo obxecto que, en concorrencia coa subvención do Concello de Carballo, teñan un importe superior á cantidade resultante do cálculo anterior, o orzamento subvencionado para xustificar será a suma das subvencións e ingresos.

Carballo, 10 de maio de 2022.

O alcalde

D. Evencio Ferrero Rodríguez

2022/2608